

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude referente a resposta a unha denuncia polo funcionamento dunha residencia

Expediente: G.6.Q/11525/23

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de xxx referente á reclamación por falta de persoal de enfermería na residencia de maiores de Chandrexa de Queixa.

ANTECEDENTES

1. No escrito indica que carece da información solicitada á Consellería de Política Social e Xuventude sobre denuncia de 1/2/23 por falta de persoal de enfermería adecuado e titulado na residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa, na que residen 77 persoas maiores con distintos graos de dependencia.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“En relación coa solicitude de informe sobre a queixa núm. G.6.Q.11525/23 presentada por xxx respecto á Residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa, comunícolle o seguinte: Como se lle indicou á solicitante o 9 de marzo de 2023, as actas de inspección son documentos conteñen información persoal dos residentes. Esta información de marcado carácter confidencial comprende datos de saúde, sociais, familiares, grao de dependencia... datos todos eles que gozan dun especial grao de protección dos que non é posible dar traslado. Respecto á rateo de persoal necesaria para prestar servizos de forma adecuada nunha residencia, informouse á reclamante que á Orde de 18 de abril 1996 que desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores”.

3. A consellería respondeu que as actas son confidenciais, e no relativo ao rateo de persoal, que regúlase na Orde de 18 de abril 1996 que desenvolve o Decreto 243/1995 (regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores).

Porén, non se sinalaba que se dera resposta á denuncia promovida en relación co incumprimento da ratio de persoal de enfermería, que non se ve afectada pola circunstancia de confidencialidade que se menciona con carácter xeral (actas).

4. Polo sinalado de novo dirixímonos á consellería para requirir que con urxencia facilitara información complementaria sobre o anterior extremo. A Consellería de Política Social e Xuventude sinala o seguinte:

“En relación coa solicitude de informe sobre a queixa de referencia presentada por xxx, respecto á Residencia de Maiores de Chandrexa de Queixa, reitérolle a resposta remitida a esa institución.”

ANÁLISE

1. A Consellería de Política Social e Xuventude non sinala que se dera resposta á denuncia promovida en relación co incumprimento da ratio de persoal de enfermería, adecuado e titulado; o anterior non está afectado pola circunstancia que se menciona con carácter xeral (confidencialidade das actas).

2. As residencias deben ser obxecto das comprobacións de oficio necesarias e tamén das que resulten de posibles denuncias, como neste caso, de tal forma que cumpran todas as condicións que lles afectan e no seu caso teñan que corrixilas e afrontar as sancións que correspondan. Neste senso, as inspeccións aos centros deben ser suficientes, exhaustivas e eficaces para garantir as condicións legais.

3. O protocolo da inspección para este tipo de centros sinala ao respecto da xestión das denuncias que “unha vez elaborado o informe polo persoal inspector, contestarase á persoa denunciante informándoa sobre a efectiva constatación ou non dos feitos denunciados e se é o caso sobre as medidas adoptadas ao efecto”.

4. A persoa que promoveu a queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:



Que se dea a resposta pendente á denuncia relativa á falta de persoal de enfermería, adecuado e titulado, na residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que formulou esta resolución incluíranse na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo